



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Diversidade familiar, relacións interxeracionais e mediación familiar			Código	615525025
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es		
Profesorado	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A materia céntrase nunha crítica reflexiva á visión pretendidamente universal da familia tradicional nuclear, con especial énfase en teorías e autores que falan da interculturalidade, a diversidade e a diferenza á hora de comprender á familia como institución, grupo social e relacións de poder en torno ao parentesco e a filiación. Fai fincapé en aspectos etarios, de xénero e en torno á análise da sexualidade, expondo así mesmo correntes e problemas actuais para comprender o conflito xeracional e familiar nas sociedades tardomodernas. Nas clases sostérase o principio de debate democrático, escoitando e respetando opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado. O docente impartirá a docencia en castelán, se ben o alumnado poderá expresarse tanto en galego como en castelán nas clases e na entrega de traballos, os cuais serán todos entregados en formato dixital.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrixir ou previr situacións e procesos de exclusión social.
A7	CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflitividade social.
A21	CEE1 - Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.
A22	CEE2 - Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociada a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.
A23	CEE3 - Identificar as dinámicas interxeracionais, biolóxicas e socioeconómicas que xeran situacións de exclusión.
A24	CEE4 - Identificar situacións e procesos de segregación de colectivos vulnerables asociados ao avellentamento demográfico.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.



B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Entender as dinámicas das relacións interxeracionais e os seus procesos de cambio.	AM4 AM6 AM7 AM21 AM22	BM1 BM7 BM18 BM21
Analizar os cambios sociodemográficos recentes que inciden na transformación das estruturas e formas familiares.	AM1 AM4 AM21 AM22 AM23 AM24	BM1 BM13 BM14	CM5
Aplicar as principais técnicas de mediación familiar.	AM6 AM7	BM1 BM2 BM7 BM18 BM19	CM5 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
A diversidade familiar desde un enfoque cultural	O concepto de familia desde o enfoque antropolóxico
As relacións interxeracionais: o xénero e a idade como variables principais. Os intercambios monetarios e de coidados.	A diversidade existente nas relacións interxeracionais e intercambios monetarios e non monetarios.
A mediación familiar no contexto local e global	A mediación familiar e o acompañamento

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A6 B2 B7 B14 B18 B19 B21 C6	0	50	50
Presentación oral	A4 A6 A21 B19 C5 C6	4	12	16
Sesión maxistral	A1 A4 A7 A21 A22 A23 A24 B1 B13 C3 C5	48	32	80
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Presentación de traballo na aula acerca da diversidade familiar como crítica ao universalismo da familia
Presentación oral	Presentación na aula
Sesión maxistral	Ao cargo do docente, acompañado de materiais como PPTs, Vídeos, Audios, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Atención personalizada nas titorías, previa cita mediante correo electrónico (eleder.pineiro.aguiar@udc.es). Ditas titorías realizaránse mediante TEAMS.</p> <p>Consulta de moodle, correo electrónico e chat da materia alomenos unha vez á semana durante o período lectivo.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A6 B2 B7 B14 B18 B19 B21 C6	<p>Traballos tutelados, que presentarán os alumnos, correspondentes a cada unha das sesións da materia. Serán traballos curtos, de reflexión teórico-crítica, segundo a guía que os alumnos atoparán en Moodle ao comezo do curso. Débense entregar nas datas correspondentes para poder ser avaliadas. Corresponden ao 40% da nota total da materia.</p> <p>Para os estudantes en liña, habilitarase un chat en moodle no que deberán responder algunhas das preguntas que saen da lectura dos materiais propostos.</p> <p>Traballo final, segundo as instrucións que se atopan en Moodle ao comezo do curso. É un traballo que emprega como "materia prima" o visionado dunha película cun tema relacionado coa materia, sobre a que os estudantes deben elaborar unha reflexión crítica e presentala cara ao final do curso en datas acordadas ao comezo da curso. Corresponde ao 60% da nota total da materia.</p> <p>Existe tamén a posibilidade de que esta proba poda ser una introducción ao TFM se o alumnado considera realizado en torno a temáticas da materia/especialidades, en cuio caso acordarase un plan de traballo nas primeiras semanas de clase.</p>	100

Observacións avaliación



Alumnado presencial:- A avaliación considerará a nota mediante un proceso de avaliación continua das diferentes partes a ser tidas en conta: participación nas aulas, tarefas (estudos de caso) (40%), traballo final (60%). Todos os traballos serán coñecidos polo alumnado ao principio do curso e todas as tarefas deberán ser entregadas en tempo e forma en formato dixital mediante o Moodle da materia.

Alumnado non presencial

- A Avaliación será similar a do alumnado presencial, se ben o porcentaxe adicado a participación será medido mediante a participación no chat do Moodle habilitado e/ou por interaccións mediante correo electrónico con profesor.

Primeira oportunidade

O alumnado que opte por unha avaliación non continua poderá presentarse na convocatoria oficial acordada polo centro. A proba constará dun examen tipo test (50% da nota) que versará sobre diversas obras traballadas na clase e subidos en pdf ao Moodle da materia; e unha pregunta autoformulada de extensión en torno a 2 follas onde o alumnado exporá unha breve reflexión en torno a algún tema da materia do seu interese previo consenso co profesor (50% da nota)

Segunda oportunidade

Mesmo criterio que na primeira

Alumnado con exención académica

Ao principio do curso acordarase un calendario de titorías, criterios de avaliación e entregas.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Esta bibliografía é só orientativa e global. O profesorado facilitará ao estudiantado as referencias das lecturas básicas obrigatorias para traballar en clase a través da plataforma virtual Moodle. Entre as habilidades que deben adquirir os estudantes está a obtención de recursos bibliográficos propios que sirvan para o seu desenvolvemento tanto na materia como para o TFM. Prestarase especial atención á paridade de xénero ao aportar obras de autores e de autoras; Attias-Donfut, C. (2000): ?Rapports de générations. Transferts intrafamiliaux et dynamique macrosociale?, Revue Française de Sociologie 41 (4), pp. 643-684. Attias- Donfut, C. y Wolff, F.C. (2008): ?Patterns of intergenerational transfers among inmigrants in France: a comparative perspective? en Saraceno, C. (ed.) Families, ageing and social policy, Cheltenham: Edward Elgar, pp. 259-284. Badgett, M.V.L. y Folbre, N. (1999): ?¿Quién cuida de los demás? Normas sociosexuales y consecuencias económicas?, Revista Internacional del Trabajo 118 (3), pp. 347- 365. Baldassar, L. (2007): ?Transnational families and the provision of moral and emotional support: the relationship between truth and distance?, Identities: Global Studies in Culture and Power 14, pp. 385-409. Finch, J. (1989): Family obligations and social change, Cambridge: Polity Press. Folbre, N. (1988): ?The black four of hearts: toward a new paradigm of household economics?, en Bruce, J. (ed.) A home divided: women and income in the third world, Standford: Standford University Press. Goode, W. J. (1963): World Revolution and family patterns, New York: Free Press of Glencoe.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

